



CONCELLO DE BARBADÁS

A/A da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia

Praza de Europa 5A 2º, Polígono de Fontiñas.

15781 Santiago de Compostela

Tel.: 981 544 581 - Fax: 981 544 351

Correo-e: civ.mobilidade@xunta.gal e transportepublico@xunta.gal

Barbadás, 27 de febreiro de 2019

ALEGACIÓNS DO CONCELLO DE BARBADÁS ÁS LIÑAS E RUTAS DESTE MUNICIPIO QUE FIGURAN NO PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALIZA CO OBXECTO DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE USO XERAL DE VIAXEIROS POR ESTRADA, CHAVE XG605, COMARCA DE OURENSE.

O Concello de Barbadás, unha vez revisadas as liñas e rutas que figuran para este municipio e o plano económico-financeiro do Proxecto de Explotación indicado no título deste documento,

EXPÓN:

Alegación 1:

O Concello de Barbadás conta cun núcleo de poboación con carácter urbano que sufríu un forte incremento poboacional nos últimos anos, A Valenzá. Na actualidade neste núcleo viven máis de 8.000 persoas. A situación xeográfica da Valenzá, limítrofe á capital de Ourense fai que moitas familias se trasladasen a vivir a este lugar. O uso do autobús actualmente xestionado pola empresa Móvete Ourense e maioritario entre a veciñanza.

O Concello de Barbadás ten un sistema de bonobuses que bonifica o billete do autobús nas seguintes cantidades:

Estudantes. Custo do billete para o concello: 1,45. Precio do bonobús 0,60 €/viaxe.

Pensionistas. Custo do billete para o concello: 1,45. Precio do bonobús 0,70 €/viaxe.

Resto da poboación. Custo do billete para o concello: 1,45. Precio do bonobús 0,90 €/viaxe.

Para os/as viaxeiros/as que non utilizan o bonobús o custe da viaxe é de 1,30 €/viaxe.





CONCELLO DE BARBADÁS

Na liña de Piñor, actualmente cuberta pola mesma UTE, o prezo do bonobús é de 0,80 €/viaxe (sen distinción do tipo de viaxeiro) mentras que para os viaxeiros que non utilizan o bonobús o custe é de 1,45 €/viaxe.

Debido ao gran número de usuarios/as do transporte público en Barbadás, e tendo en conta que a empresa Anpián vende os billetes para os bonobuses a 1,45 €/viaxe, e a empres Alfer a 1,43 €/viaxe o concello tivo que soportar no ano 2018 un custo de 159.242 €.

Tal e como recolle o proxecto, o número de viaxes entre o concello de Barbadás e Ourense é de 170.505 viaxeiros ao ano (cifra que non se axusta á realidade, como se constata a continuación), o que supón un 45% do total dos viaxes estimados para o total do proxecto (380.000 viaxes/ano). A distancia entre os concellos de Barbadás e o de Ourense é de 3,39 km, a menor da dos concellos incluídos no proxecto presentado. Aínda, a parroquia da Valenzá, foco do maior número de tránsito de viaxeiros, está máis próxima ao concello de Ourense, polo que diminuirá a distancia media dos viaxes entre estes dous concellos.

No novo plan establécese unha única tarifa de 1,50 €/viaxe, cunha redución do 10% para o pago con tarxeta TMG ou análoga, o que fai un prezo final de 1,35 €/viaxe.

Consideramos absolutamente abusiva esta tarifa para os desprazamentos desde o concello de Barbadás, tendo en conta a proximidade á capital, destino das viaxes e o gran número de usuarios do servizo, que segundo os datos que constan en poder do concello e só atendendo á demanda de bonobuses supón 215.270 viaxeiros ao ano, aos que habería que engadir as viaxes non bonificadas, é dicir, as realizadas sen compra de bonobuses.

Por todo isto, consideramos necesario e imprescindible que se estableza unha tarifa diferenciada para os núcleos de Barbadás nos seus desprazamentos ata a capital de Ourense e que se recalcule o mínimo de percepción da concesionaria.

Alegación 2:

Que se considere como mellora prioritaria e fundamental a redución da tarifa do transporte por viaxeiro desde os núcleos de Barbadás.

Alegación 3:





CONCELLO DE BARBADÁS

O Concello de Barbadás non conta con instituto de ensino secundario e bacharelatos, polo que a mocidade, máis de 2.000 mozos e mozas nesta franxa de idade, ten que desprazarse a centros educativos da capital de Ourense.

O instituto de referencia adscrito aos centros de ensino primario dos colexios públicos de Barbadás é o IES Xesús Ferro Couselo, ubicado al lado do pavillón Paco Paz, en Ourense.

Dado a gran número de nenas e nenos desprazados a este centro tanto no ensino secundario como no postobrigatorio (incluíndo bacharelatos e formación profesional), solicitamos a creación dunha liña nova que una algunha das xa existentes do noso concello co IES Xesús Ferro Couselo e coa Universidade Laboral, en Ourense, sobre todo atendendo aos horarios de entrada e saída escolares.

Alegación 4:

Recentemente o Sergas puxo en funcionamento o novo centro de saúde da Valenzá, ubicado na Rúa das Burgas. Este centro conta cuns accesos a través de dúas rúas (As Burgas e Altamira) cunha forte pendente, o que dificulta a accesibilidade ás persoas con problemas de mobilidade.

O Concello realizou melloras nas rúas de acceso permitindo que o autobús poida xirar nos cruces das dúas rúas coa Avenida de Celanova, o que actualmente permite a subida do autobús ao novo centro de saúde.

Solicitamos que os autobuses que realizan a ruta pola Valenzá, dirección á parada da autovía, teñan unha parada na Rúa das Burgas, fronte ao novo Centro de Saúde da Valenzá, con maior asiduidade da actual e da contemplada no proxecto presentado.

Alegación 5:

O plano económico-financeiro que acompaña este proxecto recóllese que o número de viaxes estimados anuais entre o Concello de Barbadás e o Concello de Ourense é de 169.876 viaxes. Só tendo en conta o número de billetes mercados ás empresas concesionarias do servizo de transportes que prestan servizo no Concello de Barbadás, estes suman 215.270 viaxes no ano 2018. A este número de viaxeiros habería que engadir os viaxeiros que o fan sen bonobús, o que pode supor un aumento do 30 ou 40 % máis, supondo unha cantidade de viaxes anuais arredor dos 280.000 viaxes. Este desaxuste na estimación do número de viaxes pon en causa o plano económico-financeiro da explotación da concesión.

Alegación 6:





CONCELLO DE BARBADÁS

A actual empresa concesionaria do servizo de transporte público de viaxeiros no Concello de Barbadás vende a un prezo de 1,45 €/viaxe os billetes ao Concello de Barbadás, para que esté, á súa vez, os revenda con bonificacións a traves do sistema de venda de bonobuses regulado polo Prezo público do bono de transporte urbano de Barbadás. Solicitamos que a empresa concesionaria estea obrigada a vender ao Concello de Barbadás os billetes de viaxe ao mesmo prezo que a venda ao público en xeral, aplicando o desconto do 10% inicial previsto, así como as bonificacións por número de viaxes e compra conxunta establecidas no proxecto.

Alegación 7:

O proxecto recolle unha demanda estimada diaria de reserva de prazas a favor de escolares de 13 para o concello de Barbadás. Como quedou dito, o concello de Barbadás non conta con instituto, polo o que o seu alumnado matricúlase en centros de ensino secundario e postobrigatorio en centros de Ourense. Dado o número de estudantes do concello de Barbadás en idade de ensino postobrigatorio, esta cifra é absolutamente insuficiente. Solicitamos se faga unha análise do alumnado real do concello de Barbadás, matriculado en ensino postobrigatorio nos centros de Ourense e se lle reserve prazas no transporte de viaxeiros deste proxecto, nas liñas que cubren o servizo máis próximas ao centros de ensino de Ourense, e nos horarios de entrada e saída dos institutos durante o período lectivo.

Alegación 8:

O instituto de referencia para o alumnado de Barbadás é o IES Ferro Couselo, en Ourense. Para o transporte do alumnado de ensino obrigatorio (ESO) a este centro, na actualidade hai dous autobuses que cubren ao alumnado das parroquias do concello, e un destes autobuses fai unha dobre viaxe para recoller a alumnado da parroquia da Valenzá. Solicitamos que no proxecto se contemple liñas e servizos para o transporte deste alumnado desde as diferentes parroquias ao IES Ferro Couselo, sen necesidade de ter que dobrar un dos autocares.

E para que así conste, asino as presentes alegacións presentadas en representación do Concello de Barbadás.

Xosé Manoel Fírvida Plaza

Tenente de Alcalde e Concelleiro de Mobilidade de Barbadás.

